

Mención de honra para un alumno do Sofía Casanova na Olimpiada Matemática

REDACCIÓN FERROL

O alumno de 1º de Bacharelato do IES Sofía Casanova de Ferrol, Miguel Picos Maiztegui, foi premiado cunha mención de honra na Olimpiada Matemática Galega celebrada o pasado día 16 de xaneiro na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela. A proba reuniu a máis de cen estudiantes de Bacharelato de toda a comunidade galega.

Picos Maiztegui acadou o devandito galardón xunto a outros once competidores "por puntuación global, por acadar a máxima puntuación nalgún problema ou por presentar algúnsa solución orixinal ao entender do tribunal", segundo o



Miguel Picos

xurado.

Xunto a estes recoñecementos, entregáronse premios aos tres primeiros clasificados do certame, que serán os encargados de representar a Galicia na fase estatal da olimpiada. ■